

I CERTAME LITERARIO CONCELLO DE TABOADELA

Neste ano 2021 celebrarase o I Certame Literario Concello de Taboadela dirixido aos rapaces e rapazas, co obxectivo de fomentar a lectura e a escritura nas novas xeracións. Este Certame ten a modalidade de conto ou relato curto. As seguintes son as bases que finalmente o rexen.

1. Poden participar todos os menores que así o desexen, empadroados ou non no Concello, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que presenten escritos en lingua galega, orixinais e inéditos, non publicados en ningún tipo de formato (incluído Internet) nin total nin parcialmente; non premiados ou pendentos de fallo en outros concursos ou á espera de resposta dun proceso editorial. O incumprimento desta primeira base descualifica automaticamente ao participante.
2. Haberá dúas categorías:
 - A primeira delas para os mozos e mozas de entre 8 e 12 anos (ambos inclusive).
 - A segunda delas para os mozos e mozas de entre 13 e 17 anos (ambos inclusive).
3. O tema será libre.
4. O orixinal deberá estar mecanografado a un espazo de mínimo 1,5, utilizando un tipo de letra Arial ou Times New Roman a 12 puntos. O documento será presentado en A-4 por unha soa cara. Respectando as marxes non inferiores a 2,5cm en cada dirección (laterais e superior e inferior).
5. O orixinal da obra presentarase en formato dixital.
 - Deberán enviar os documentos en formato Word ou PDF á dirección:
(preferiblemente SEMPRE en PDF)
bibliotecataboadela@gmail.com

- No asunto do mail especificarase “Para o I Certame Literario, Categoría_” indicando a categoría e a idade do mozo ou moza.
- Nun PRIMEIRO ARQUIVO, en Word ou PDF, que estará denominado co TÍTULO DA OBRA en maiúsculas (exemplo: “DON QUIJOTE DE LA MANCHA”) acompañado do alcume do autor (exemplo: “DON QUIJOTE DE LA MANCHA” Kuril). Esta información deberá de estar presente, ademais, na portada do relato ou conto.
- Non se aceptarán envíos que inclúan debuxos, fotos, links externos ou calquera outro tipo de adorno alleo ao propio texto.
- Nun SEGUNDO arquivo en formato Word ou PDF, denominado de novo co título da obra en maiúsculas e o alcume enviaranse dentro do mesmo os seguintes datos:
 - Título da obra
 - Alcume
 - Nome e apelidos
 - Data de nacemento
 - Dirección completa
 - Teléfono
 - Correo electrónico
- Como estes datos resultan esenciais para identificar aos autores, se inicialmente non son enviados completos, non será aceptada a participación.

6. Esixencias formais:

- O conto ou relato curto deberá de ter:
 - o Para a primeira categoría (entre 8 e 12 anos) a extensión mínima será de 1 folla e máxima de 3 follas.
 - o Para a segunda categoría (entre 13 e 17 anos) a extensión mínima será de 3 follas e máxima de 6 follas.
- Deberá de ter unha portada inicial. (Non computable para o mínimo ou máximo de páxinas) Onde figure o TÍTULO DA OBRA e o alcume do autor.
- As páxinas deberán de estar debidamente numeradas na parte inferior.
- O incumprimento destas regras implicará a descualificación.

7. Adxudicaranse varios premios.

- Na categoría de 8 a 12 anos:
 - o Un primeiro Premio de: 70 euros
 - o Un segundo Premio de: 30 euros
 - o Poderá realizarse unha mención especial de 30 euros: A aqueles traballos cuxo contido fale sobre a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Na categoría de 13 a 17 anos:
 - o Un primeiro Premio de: 70 euros.
 - o Un segundo Premio de: 30 euros
 - o Poderá realizarse unha mención especial de 30 euros: A aqueles traballos cuxo contido fale sobre a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

- Ademais todos os participantes recibirán un agasallo.
8. O prazo de admisión dos orixinais será do día 12 de Marzo ao día 10 de Maio ás 23:59h.
 9. O fallo será inapelable e se fará público mediante unha entrega de premios, comunicada previamente a todos os participantes para que asistan a ela, e anunciada nas redes sociais. A data previsible para dar a coñecer aos premiados será o 17 de Maio. Día das Letras Galegas.
 10. O xurado estará composto por:
 - Presidente: Xosé Antón Vila Sobrino, Investigador e Docente da Universidade de Vigo.
 - Secretaria: Aida Menor Vila, Concelleira de Educación e Asuntos Sociais
 - Vogal: David Vázquez Nóvoa, Administrativo da Biblioteca Municipal.
 11. A organización deste Certame reservase o dereito de publicar ou publicitar calquera das obras presentadas ao dito concurso.
 12. O feito de concorrer ao “I Certame Literario Concello de Taboadela” implica a total aceptación destas bases, cuxa interpretación se reservan aos organizadores deste certame e ao Xurado Calificador.